



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Taller de Habilidades Informacionais e Dixitais: Técnicas de Comunicación e Divulgación Científica		Código	710G04050
Titulación	Grao en Xestión Dixital de Información e Documentación			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Cuarto	Obrigatoria	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Fernandez Travieso, Carlota	Correo electrónico	carlota.ftravieso@udc.es	
Profesorado	Fernandez Travieso, Carlota	Correo electrónico	carlota.ftravieso@udc.es	
Web	https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/4S46G https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/AM2PK			
Descrición xeral	Abórdanse a diseminación, difusión e divulgación científica e outros conceptos afíns, considerando os axentes que interveñen na comunicación científica e propoñendo exemplos diversos tipos de accións e técnicas aplicables en diversos medios: prensa, audiovisual, Internet...			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1 - Coñecer e comprender os principios teóricos e metodolóxicos da xestión e documentación da información para aplicalos na súa actividade profesional
A3	CE3 - Coñecer a realidade e os condicionantes sociais que inflúen na xestión da información
A12	CE12 - Desenvolver servizos de apoio á comunicación científica en todas as súas fases desde a creación ata a divulgación de resultados científicos tanto no sector público como no privado
B2	CB2 - Aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade para resolver problemas en ambientes novos ou descoñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B3	CB3 - Ser capaz de integrar coñecementos e afrontar a complexidade de facer xuízos a partir de información que, estando incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre responsabilidades sociais e éticas relacionadas coa aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B4	CB4 - Saber comunicar as súas conclusións -e os coñecementos e os motivos finais que os sustentan- a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades
B5	CB5 - Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan seguir estudando dun xeito que sexa en gran parte autodirixido ou autónomo
B6	CG1 - Capacidade de cooperación, traballo en equipo e aprendizaxe colaborativa
B7	CG2 - Capacidade de reflexión e razoamento crítico
B8	CG3 - Capacidade de planificación, organización e xestión de recursos, información e operacións
B9	CG4 - Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións
B10	CG5 - Capacidade para traballar nun contexto global e internacional
B11	CG6 - Capacidade para comprender a importancia, valor e función da xestión dixital da información e documentación na actual sociedade das TIC
C3	CT3 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía que respecta a cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero
C6	CT6 - Desenvolver a capacidade para traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento ambiental, económico, político e social sostible
C7	CT7 - Valorar a importancia da investigación, a innovación eo desenvolvemento tecnolóxico no progreso socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Distinguir entre os conceptos relacionados coa comunicación e divulgación científica.	A1 A3 A12	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C3 C6 C7
Coñecer os factores e axentes que interveñen na divulgación e promoción da ciencia.	A1 A3 A12	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C3 C6 C7
Deseñar plans e accións de divulgación científica	A1 A3 A12	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11	C3 C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1- A Comunicación científica	1.1- Diseminación, difusión e divulgación. 1.2- Axentes implicados na comunicación científica 1.3- Diseño de accións de divulgación
2- Accións de comunicación científica.	Modelos, técnicas e prácticas que poderán atender a diversos medios de comunicación (audiovisual, editorial, Internet) e contextos (museos científicos, exposicións, eventos de divulgación científica).

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 B3 B5 B7 B8 C7	4	0	4



Portafolios do alumno	A1 A3 A12 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C3 C6 C7	10	25	35
Traballos tutelados	A1 A3 A12 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C3 C6 C7	3	25	28
Aprendizaxe servizo	A12 B2 B4 B6 B7 B8 B9 B11 C3 C6 C7	0	2	2
Presentación oral	A1 A3 B2 B3 B4 B6 B7 B9 C3 C6	4	2	6
Atención personalizada		0		0
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral dos contidos básicos da materia, elaborados e expostos pola docente, que pode apoiarse en medios audiovisuais. Abordaranse cuestións teóricas e/o prácticas necesarias para o desenvolvemento do traballo tutelado e traballos do portafolios.
Portafolios do alumno	Cartafol de traballo dos alumnos que deben entregar no/s prazo/s estipulado/s pola profesora. Incluirá as distintas actividades realizadas en clase: resúmenes ou esquemas, test, exercicios prácticos... Permitirá profundar sobre os contidos e realizar o seguimento dos coñecementos adquiridos.
Traballos tutelados	Realización por parte do alumnado dun traballo autónomo orientado á profundización nos contidos da materia, baixo a vixilancia e seguimento da profesora. Proporcionaránse instrucións precisas para a súa realización.
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo. Plantexarase aos alumnos matriculados na materia a posibilidade de participar nunha actividade aprendizaxe-servizo con alguna entidade colaboradora, trasladando á practica o traballo tutelado.
Presentación oral	Ao longo das clases procurarase a interacción entre o alumnado e profesorado de modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. Os alumnos terán que falar de/expoñer os traballos prácticos que realicen. Poderase requirir unha exposición do traballo tutelado na aula, co apoio dunha presentación multimedia de diapositivas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Sesión maxistral Portafolios do alumno Traballos tutelados Aprendizaxe servizo	As titorías da materia permitirán ao alumnado resolver dúbidas sobre os contidos e a forma de preparar o traballo tutelados, traballos do portafolios e as presentacións orais. Con carácter xeral, e en todas as metodoloxías aplicadas, se empregarán as titorías presenciais, o correo electrónico e a plataforma Moodle da UDC. Poderán realizarse titorías por Teams, acordándoas previamente por correo electrónico coa profesora.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A1 A3 B2 B3 B4 B6 B7 B9 C3 C6	Terase en conta a participación nas aulas expoñendo o traballo propio.	10



Portafolios do alumno	A1 A3 A12 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C3 C6 C7	Computará a adecuación ás pautas marcadas (contido e presentación), a aplicación dos coñecementos adquiridos, a coherencia entre a proposta e o seu desenvolvemento, as iniciativas persoais, a claridade na formulación e estrutura, a capacidade de síntese, a redacción e presentación, fontes e bibliografía utilizada.	40
Traballos tutelados	A1 A3 A12 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 C3 C6 C7	Valorarase a adecuación ás pautas marcadas para cada actividade, o contido, as achegas por parte dos alumnos, a coherencia da súa estrutura, a redacción e presentación. Poderán especificarse outros criterios de avaliación particulares no momento da presentación das actividades aos alumnos.	50
Aprendizaxe servizo	A12 B2 B4 B6 B7 B8 B9 B11 C3 C6 C7	Valorarase positivamente, dentro do 50% reservado ao traballo tutelado, engadindo ate 1 punto a cualificación obtida neste.	0

Observacións avaliación

PRIMEIRA OPORTUNIDADE:

Para aprobar a materia, é preciso obter unha nota media de 5 sobre 10 que se calculará atendendo ás porcentaxes sinaladas para cada metodoloxía no apartado de avaliación. Será imprescindible obter un mínimo de 4 sobre 10 no portafolios e o traballo tutelado, de non ser así a nota global da materia non será superior a 4,5. Non se avaliarán traballos entregados fóra de prazo ou non acordados cos docentes previamente cando sexa preciso. Unha vez realizado un dos traballos do portafolios, se as restantes entregas da metodoloxía non se entregan nos prazos establecidos cualificaranse cun 0. Este será tamén o caso dos traballos que non cumpran coas instrucións prescritas para a súa elaboración ou que fosen copiados ou plaxiados. A cualificación será de non presentado (N. P.), cando non se entregue ningún dos traballos do portafolios ou o traballo tutelado,

SEGUNDA OPORTUNIDADE:

Poderán presentarse á segunda oportunidade UNICAMENTE aqueles/as estudantes que non superen a materia na primeira oportunidade. Gardaranse as notas relacionadas coas diferentes metodoloxías mencionadas no apartado de avaliación que resultasen aprobadas na primeira oportunidade. Será obrigatorio comunicar á profesora como se abordará a avaliación nesta segunda oportunidade. Cando haza que elixir un tema para unha das actividades do portafolios ou para o traballo tutelado, se non se fixo durante o curso, será obrigatorio acordalo cos docentes, como mínimo, un mes antes da data fixada para o exame pola Facultade.

ALUMNOS CON DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL OU DISPENSA ACADÉMICA DE ASISTENCIAS ÁS AULAS LEGALMENTE RECOÑECIDA:

Terán que acordar unha titoría nas dúas primeiras semanas de clase co fin de establecer un plan de traballo idóneo e de entregas para a primeira oportunidade. De non realizarse esa primeira titoría na que se acordará unha data de entrega alternativa, entenderase que o alumno opta por presentar os traballos na mesmas datas que o resto do alumnado.

Poderán ser dispensados da participación nas aulas (o 10% de "presentación oral"), tendo neste caso o portafolios o valor do 50%. Na segunda oportunidade, non haberá diferenzas no sistema de avaliación en relación co proposto para o resto do alumnado.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>- Brooks H, Bee P. Chapter 10: Research Dissamination and Impact. En: Bee P, Brooks H, Callaghan P, Lovell K, editores. A Research Handbook for Patient and Public Involvement Researchers. Manchester: Manchester University Press; 2018. 129-141. - Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología, editor. Libro blanco de las Unidades de Cultura Científica y de la innovación UCC+i. Madrid: Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología; 2021. Disponible en: https://www.fecyt.es/es/publicacion/libro-blanco-de-las-unidades-de-cultura-cientifica-y-de-la-innovacion-ucc-i-0 [28-6-2022]. -Fundación Ibercivis y Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT)-Ministerio de Ciencia e Innovación. Observatorio de la ciencia ciudadana en España. Disponible en: https://ciencia-ciudadana.es/ [28-6-2022]. -Grupo de Trabajo de Divulgación y Cultura Científica de Crue-I+D+i (Red Divulga), Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología. Guía de valoración de la actividad de divulgación científica del personal académico e investigador. Madrid: CRUE Universidades Españolas I+D+i, Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología; 2018. Disponible en: https://www.upo.es/diario/wp-content/uploads/2018/12/Guia-Valoraci%C3%B3n-Divulgaci%C3%B3n-CRUE-FECYT.pdf [28-6-2022]. -Introducing science communication: a practical guide. Editado por Mark L. Brake y Emma Weitkamp. Houndmills : Palgrave Macmillan, 2010 -Poza Luján, J. L. 12 consejos para el diseño de actividades de divulgación científica (2012). Disponible en: https://www.ruvid.org/comunicarciencia/12-consejos-actividades-divulgacion.pdf [28-6-2022].- Seguí Simarro, J. M. Estrategias de divulgación científica. Valencia : Universitat Politècnica de València, 2015</p>
Bibliografía complementaria	<p>Os docentes poderán recomendar nas clases bibliografía específica para cada un dos temas e actividades a desenvolver, co fin de adecuar e actualizar de maneira continua os contidos da materia.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías